

## **Normas que rexerán a compensación horaria dos cursos da 1ª convocatoria do Plan de formación agrupado 2022**

A Mesa de Formación na súa reunión do 24 de xaneiro de 2022 alcanzou os seguintes acordos en relación coa asistencia aos cursos da 1ª convocatoria do Plan de formación 2022:

- Cada traballador/a poderá dispor dun “crédito horario” de 40 horas/ano para compensar a asistencia a cursos deste plan que se realicen fóra da xornada laboral e cuxa materia estea relacionada coas funcións propias do posto de traballo, sempre de acordo coas porcentaxes establecidas para cada curso e posto de traballo.

- Aqueles cursos que se realicen dentro da xornada laboral non computarán dentro deste crédito horario.

- Para os cursos que se realicen fóra da xornada laboral estableceranse porcentaxes de compensación que variarán en función da materia do curso e a súa relación con cada posto de traballo. Así, para un mesmo curso establécense distintas porcentaxes de compensación segundo o destino de cada solicitante. En todo caso nunca poderán compensarse máis de 40 horas/ano.

- Cando se establece unha compensación do 100%, as horas de asistencia ao curso compensaranse na súa totalidade pero non se imputarán ao crédito de 40 horas.

- No caso de que unha persoa non complete o 85% das horas do curso terá dereito a compensación sempre que a súa non asistencia sexa xustificada e que estas faltas xustificadas, sumadas ás horas de asistencia, supoñan un mínimo do 85% das horas lectivas.

- A compensación poderase facer nos 6 meses seguintes á recepción da comunicación coas horas das que dispón. Haberá dúas vías:

- A) O crédito horario pódese aplicar á entrada/saída, nese caso ha de respectarse o horario mínimo de permanencia.

- B) O crédito horario pódese cambiar por xornada completa. Este cambio unicamente se poderá efectuar se a carga de traballo da Unidade o permite, polo que deberá negociarse previamente coa xefatura da Unidade, que, en todo caso, será a responsable da correspondente validación en e-tempo.

Na listaxe que se xunta figuran as porcentaxes de validación establecidas para cada curso e posto de traballo. No caso de que algunha persoa considere que como

consecuencia da relación existente entre a materia do curso e as tarefas correspondentes ao seu posto de traballo a porcentaxe de compensación debería ser outra, debe solicitala por escrito debidamente fundamentado e asinado pola xefatura do Servizo correspondente. O devandito escrito dirixirase á Sección de Formación. Do mesmo xeito, se desde a xefatura dalgún Servizo se considera que a porcentaxe de compensación establecida para algunha ou todas as persoas que forman parte desta non é adecuada para un determinado curso, debe argumentalo nun escrito dirixido á Sección de Formación.

O reflexo na aplicación de control horario da asistencia aos cursos do Plan de formación agrupado 2022 levarase a cabo de acordo coas seguintes indicacións:

1º- Se se trata de cursos que se realicen dentro da xornada laboral e que se impartan en dependencias provinciais, utilizarase a incidencia "A45" "Cursos deputación"; os desprazamentos entre instalacións da Deputación para a súa asistencia xustificaranse mediante a incidencia "A39" "Xestión interna".

2º- Se os cursos teñen lugar dentro da xornada laboral pero en instalacións alleas á deputación, ao saír das oficinas provinciais utilizarase a incidencia "A04" "Formación".

3º- Para os cursos do plan fóra da xornada laboral usarase a incidencia "A50" "Curso plan formación", sempre que se impartan en dependencias provinciais.

4º- A asistencia a cursos do plan nos restantes casos non será obxecto de movemento ningún na aplicación de control de presenza.

Nos supostos comprendidos nos números 3º e 4º será control de presenza quen, logo de ver o informe da Sección de Formación, reflicte os tempos que deberán compensarse a cada asistente unha vez finalizado o curso.

Compensacións establecidas para os cursos presenciais que se van realizar na 1ª convocatoria do Plan de formación agrupado 2022:

#### NORMA XERAL

A admisión realizarase atendendo aos perfís definidos para cada curso. Establécese unha porcentaxe de compensación do 20% para todos os asistentes admitidos que desempeñen postos de traballo non incluídos na relación seguinte.

A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO ÁMBITO LOCAL. RÉXIME XURÍDICO (CD 1356)

90% para todo o persoal.

SEDES ELECTRÓNICAS (CD 1358)  
100% para todo o persoal

CONCEPTOS BÁSICOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (CD 1365)  
100% para todo o persoal

A BOA COMUNICACIÓN NA INFORMACIÓN TURÍSTICA (CD 1368)  
90% para o persoal da Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico.

LEI XERAL TRIBUTARIA. XESTIÓN, INSPECCIÓN, SANCIÓN E RECADACIÓN  
(CD 1372)  
90% para o persoal da Área Tributaria.

O ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL DENDE A APROBACIÓN Á LIQUIDACIÓN.  
NIVEL ELEMENTAL (CD 1373)  
75% para todo o persoal.

INICIACIÓN A LIBREOFFICE WRITER (CD 1379)  
75% para todo o persoal.

INICIACIÓN A LIBREOFFICE CALC (CD 1380)  
75% para todo o persoal.

INICIACIÓN A LIBREOFFICE BASE (CD 1381)  
75% para todo o persoal.

PRIMEIROS AUXILIOS EN BEBÉS E NENAS/OS (CD 1384)  
100% das horas presenciais para o persoal de fogares infantís.

ESTRATEGIAS MUNICIPAIS PARA A PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL (CD  
1385)  
Ata o 90% para o persoal da Sección de Promoción Económica e Emprego.

MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS EN EDIFICIOS. TEÓRICO-PRÁCTICO (CD  
1389)  
Ata o 90% das horas presenciais para o persoal técnico do Servizo de Arquitectura e  
Mantemento.

XESTIÓN DE CONFLITOS NO TRABALLO E NA VIDA (CD 1394)  
75% para todo o persoal.

HABILIDADES COMUNICATIVAS PARA A ATENCIÓN AO PÚBLICO (CD 1395)  
75% para todo o persoal.

**A PROBLEMÁTICA NA XESTIÓN DOS RESIDUOS. MARCO LEGAL E PROPOSTAS DE MELLORA (CD 1397)**

Ata o 90% das horas presenciais para o persoal do Servizo de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente, Servizo de Vías e Obras e Servizo de Arquitectura e Mantemento. Ata o 90 % das horas presenciais para o persoal técnico do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios. 50% para o resto do persoal.

**ESTRATEGIAS DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN DA SOIDADE NAS PERSOAS MAIORES (CD 1398)**

Ata o 90% para o persoal da Sección de Servizos Sociais.

**INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS SEN FOGAR (CD 1400)**

Ata o 90% das horas presenciais para o persoal técnico da Sección de Servizos Sociais.

**INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAL CON ENFERMIDADE MENTAL (CD 1401)**

Ata o 90% das horas presenciais para o persoal técnico da Sección de Servizos Sociais.

**INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON FAMILIAS EN SITUACIÓN DE RISCO II: HABILIDADES E TÉCNICAS (CD 1402)**

100% para o persoal do Centro de Día de Menores de Ferrol.

**TRANSVERSALIZACIÓN DE XÉNERO (CD 1403)**

90% das horas presenciais para todo o persoal.

**INFRAESTRUTURA VERDE (CD 1407)**

Ata o 90% das horas presenciais para o persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente, Servizo de Vías e Obras e Servizo de Arquitectura e Mantemento. Ata o 90 % das horas presenciais para o persoal técnico do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

**SERVIDUMES E LIMITACIÓNS SECTORIAIS (CD 1408)**

Ata o 90% das horas presenciais para o persoal do Servizo de Vías e Obras e Servizo de Arquitectura e Mantemento. Ata o 90 % das horas presenciais para o persoal técnico do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

**REFORMA LEXISLATIVA DA LEI DE TRÁFICO (CD 1410)**

- Persoal da Unidade de Instrución de Sancións Municipais: 90%.
- Persoal de Tesoureiría e Xestión de Tributos: 80%.



**Deputación  
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN  
SECCIÓN DE FORMACIÓN

**INTRODUCCIÓN Á LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO (CD 1412)**  
90% para todo o persoal.